



Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local:

Dona Socorro García Conde.  
Dona Mar Martín García.  
Don Bernardino Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Josefina Elvira Cienfuegos López.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Dona Rosa Fernández Somoza  
Don Xosé Manuel Iglesias Iglesias

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar o día **11 de maio de 2010, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Solicitudes de licenzas de obras.
- 2.- Devolución de fianzas.
- 3.- Recepción de obras.
- 4.- Informes en expedientes de actividades clasificadas.
- 5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa rectificación de erro no acordo nº 2 da sesión de data 9 de abril de 2010.
- 6.- Proposta da concellería delegada de Benetar Social relativa a adscrición á devandita concellaría do inmovble situado sobre o aparcadoiro da praza de Galicia.
- 7.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á apertura de prazo para as solicitudes de renovación das concesións de uso das hortas municipais no parque de Belvís, e de inclusión na nova lista de agarda; nomeamento da Comisión encargada de avaliar as solicitudes e documento para formalizar a renovación das concesións de uso.
- 8.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do Programa "COMPOSTELA SKATE 2010" así como o seu orzamento.
- 9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a aprobación das actividades do laboratorio móbil (MOVILAB).

- 10.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa aos prazos de reserva e novas admisións para os obradoiros das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.
- 11.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa a aprobación do orzamento da programación "Maio das Letras 2010".
- 12.- Proposta das concelleiras delegadas de Casco Histórico e Urbanismo relativa á aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Municipal Reguladora da emisión de ruídos e vibracións e condicións dos locais.
- 13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cesión dunha parcela para a Fundación Monte do Gozo.
- 14.- Plan Parcial do solo urbanizable delimitado número 18 (SUD-18). Caneiros - Boisaca
- 15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á subsanación de erro no acordo de data 30 de marzo de 2010, relativo á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo.
- 16.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de lentes a un traballador.
- 17.- Expedientes en materia de contratación.
- 18.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á achega dineraria en aplicación do Estatuto da Capitalidade.
- 19.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa ao remate do procedemento por mutuo acordo da expropiación para a ordenación funcional da rúa de San Lázaro (Camiño Francés). Tramo estrada N-547.
- 20.- Dar conta da sinatura do convenio suscrito coa Consellería de Cultura e Turismo para a realización dos festivais internacionais de Compostela Máxica, Entredanzas, e dos ciclos sons da Diversidade e Cineuropa.
- 21.- Propostas da Alcaldía relativas á representación e defensa xudiciais.
- 22.- Dar conta de Autos e Sentenzas xudiciais.
- 23.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.
- 24.- Correspondencia.
- 25.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 07 de maio de 2010

**O Alcalde**



**Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo**